

DEPUTACIÓN DE LUGO
Área de Cultura e Deportes

Antón Bao Abelleira
Vicepresidente

Antonio Veiga Outeiro
Deputado Delegado

CATÁLOGO

Coordinación
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Responsable de Publicacións
da Deputación de Lugo

Textos
Ángel González Doreste
Luis Pérez Pérez

Tradución
Xavier Rodríguez Barrio

Deseño gráfico e maquetación
ta ta ta

Fotografía
Germán Limeres

Edita
Museo Provincial de Lugo
Servizo de Publicacións da Deputación de
Lugo

Imprime
XXXXXXX

I.S.B.N. 978-84-8192-401-5
Depósito legal: XXXXXXXXXX

© Da presente edición, Museo Provincial de Lugo
© Dos textos e das traducións, os seus autores

© Das fotografías, os seus autores

Ángel
González

Ángel
González

Ángel
González

Ángel
González

Ángel
González

Ángel
González

Ángel
González


Ángel
González

Ángel
González

Ángel
González

Ángel
González

Artistas bolseiros da
DEPUTACIÓN DE LUGO



Ángel González

4	Artistas bolseiros da		Vicepresidente da Deputación de Lugo
	DEPUTACIÓN DE LUGO		ANTÓN BAO ABELLEIRA

Ángel González Doreste é un dos artistas aos que a Deputación de Lugo adxudicou unha bolsa de estudos para o seu ingreso na Academia de Belas Artes de San Fernando. Foi concretamente no concurso convocado o ano 1952 e no que tamén participaron outros coñecidos pintores lucenses (Blas Lourés, Tino Grandío, Tino Prados...). Dende entón a súa vinculación coa Deputación de Lugo e co Museo Provincial foi permanente como o propio pintor nos fai saber no seu entrañable e clarificador “Epílogo de recordos” que se recolle neste catálogo.

Despois daqueles anos de formación na Academia madrileña, complementada no estudio do grande mestre Julio Moisés e no Círculo de Belas Artes; Doreste, aínda terá ocasión, de ampliar a súa formación en París tamén ao abeiro doutra bolsa de viaxe outorgada por esta Deputación. A relación do pintor co Museo Provincial, no que está representado con dúas obras dende os anos oitenta do pasado século, remóntase tamén aos anos de bolseiro.

González Doreste é fillo do lembrado intelectual e artista Ángel Johán, un dos creadores daquela impresio- nante aventura vangardista que foi a edición en Lugo nos anos vinte da revista “Ronsel” e impulsor tamén no gris Lugo da posguerra dunha chea de iniciativas culturais. A relación do artista con Lugo foi constante malia que a súa tra- xectoria profesional como docente trala consecución, en 1965, da cátedra de Debuxo do Instituto “Virgen del Mar” de Santoña levouno a residir en Cantabria, primeiro nesa localidade e posteriormente na cidade de Santander, onde tamén exerceu como catedrático de debuxo e aínda vive hoxe en día xa xubilado.

Para esta Área de Cultura a edición deste catálogo e a programación desta ambiciosa mostra antolóxica de Doreste —con obra que abrangue no tempo máis de 50 anos dende os debuxos iniciais á produción máis recente—, no marco da celebración do 75 aniversario do Museo Provincial de Lugo, teñen unha extraordinaria dimensión e importancia. Por unha banda supoñen unha oportunidade única para os lucenses de coñecer e admirar a obra máis representativa deste extraordinario debuxante e pintor, en todas as técnicas e xéneros que cultivou ao longo da súa dilatada e fecunda carreira, e por outra cremos contribuír con estas iniciativas a recuperar a súa figura e render unha merecida homenaxe ao artista, como xa fixemos e teremos ocasión de facer no futuro con outros dos que foron bol- seiros da Deputación.

Non me queda máis que agradecer a Ángel González Doreste o interese e a meticulosidade con que abor- dou a preparación desta mostra retrospectiva e o enorme esforzo que fixo para reunir nela numerosas obras dis- persas, pertencentes a distintas coleccións públicas e privadas. O mesmo agradecemento que manifestamos tamén aos coleccionistas por permitirnos exhibilas e contribuír, deste xeito, a levar adiante este magnífico proxecto expo- sitivo do que nos sentimos moi compracidos.



Boa é esta ocasión, unha vez máis, para agradecer á Deputación de Lugo e, consecuentemente, ao Museo Provincial, a xenerosidade coa que, dende hai anos, me vén acollendo como artista.

En data de 1952, a través dun concurso convocado por esta Institución, e despois dun exame en oposición con outros incipientes pintores (1), fun aprobado como bolseiro coa encomenda de preparar —libremente— o ingreso na prestixiada Escola de Belas Artes de San Fernando de Madrid.

Unha preparación que iniciiei en novembro dese mesmo ano tivo continuidade ata xuño de 1953, cando se celebrou o exame de ingreso aludido. Durante quince días que aos aspirantes nos deron como prazo para a proba, tiven que esforzarme en demostrar os coñecementos e a destreza que adquirira para debuxar a estatua designada como modelo. Este ingreso estaba supeditado tamén a unha oposición, pola que se restrinxía a admisión de alumnos a un máximo de trinta prazas por curso.

O reto que o exame de ingreso implicaba sostiveno dedicando grande parte do meu tempo ao debuxo ao carbón no Casón del Buen Retiro, onde existía unha extraordinaria colección de reproducións en escaiola. O máis importante da escultura clásica grecorromana figuraba naquel lugar como unha reunión de espectros inquietantemente atractivos. Naquel venerado recinto os aspirantes a artistas alugabamos ao conserxe do museo un cabalete cun taboleiro que sostiña un papel de 100 x 70 centímetros. A esixencia da Escola de San Fernando era que este papel debía ser "Ingres", un tipo de soporte que se caracterizaba por unha cor marfileña, algo rugoso, que aceptaba moi ben o fregado de trapos e esfuminos. Como era dun prezo elevado —sen ser caro— para traballar con el de cotío, substituíámolo por outro de peor calidade que en "Macarrón" se coñecía como papel continuo. Gris, basto e groso aguantaba tamén con nobreza o carbón, o lapis composto, os esfuminos e trapos, cos que nos esforzabamos por captar e atraer o maior realismo posible sobre a superficie do papel. A máis fiel concordancia entre o percibido e o actuado. Concordancia que esixía ser a máis próxima ao ton que daba a luz cenital caendo suave sobre as vellas e pulidas estatuas. Non tiñamos profesores no Casón, pero sabíamos cál era o fin último daqueles elaboradísimos exercicios: a perfecta adecuación entre o modelo de escaiola e o debuxo do taboleiro. Outro requisito necesario da Escola era que a estatua debuxada debía ocupar a totalidade dos 100 centímetros, incluíndo a peaña. Debía facerse de modo que se deixase un dedo por enriba e outro por debaixo dende os bordos da superficie do "Ingres".

Servando del Pilar, un pintor moi amigo de meu pai que Rafael Alberti cita ao comezo de "La arboleda perdida", foi quen me instruíu entón nos prolegómenos desta forma de debuxar tan académica como instrutiva. Polo mesmo, por académica, pola frialdade inexpresiva do exacto do procedemento era rexeitada por nós, futuros artistas. A nosa inquietude xuvenil empurrábanos a saltar etapas iniciáticas á maior velocidade posible. Ademais hai que engadir a este disciplinado oficio, difíciles esixencias ás que tal tarefa nos sometía: encaixado, proporción, equilibrio, movemento, modelado, entoación, luz, calidade, etc. Este mestre, Servando, non só me corruxía o que aínda era incapaz de "ver" no modelo, senón que tomaba o carbón ou o lapis composto para, de xeito práctico, ensinarme o modo de facer o canónico que se me ía pedir na ansiada e esixente Escola no vindeiro mes de xuño. Foi moi importante na miña aprendizaxe.

Polas tardes deixaba carbón e esfuminos na penumbra do Casón, pero non deixaba de debuxar. Retomaba outros útiles iguais a estes a primeira hora da segunda metade da xornada no domicilio de don Julio Moisés —entón director da Escola—. Daba el alí clases particulares de pintura a un exíguo grupo de mozos nun pequeno estudio disposto no faiado da casa. Continuaba, pois, na aprendizaxe do que é —ou era— esencialmente a estrutura máis sólida da arte da pintura. Ou "a probidade da arte", como así declarou Jean Auguste Dominique Ingres a finais do século XIX, referíndose á fina expresión do debuxo.

Don Julio estivo en boa disposición para axudarme -aínda máis- no oficio de debuxar escaiola do natural. Álvaro Gil Varela, tamén amigo de meu pai e copartípe con el na aventura que foi a revista "Ronsel", fixo de intermedio para que aceptase que eu formase parte do ámbito deste mestre do retrato. Sufragou do seu peto estas clases e tamén nalgunha outra ocasión me axudou a saír de penurias económicas. Aquí quero expresamente recoñecelo.

Aquelas moi agradables clases limitábanse a estudar, ao carbón, modelos de escaiola. Estudos de cabezas da estatuaría clásica. Non sempre doados. Recordo unhas palabras deste home próximo e entrañable expresadas mentres remataba o debuxo do busto dun personaxe de fina e coidada barba, pertencente, acaso, ao século de Pericles. "É verdade -díxome don Julio- que a barba ennobrece o rostro do home". Estrañoume que se expresase así en 1953, cando, nin sequera en Madrid, se atrevía ninguén a lucir barba. Quen o fixese arriscábase a ser sospeitoso de calquera cousa. Todo lle era achacable, menos ser crido como unha persoa normal. Eu fíxeno unha vez con indubidable intencionalidade rebelde. Fóra do meu ambiente entre artistas, fóra do ambiente dos meus amigos e condiscípulos, era un verdadeiro martirio aguantar aquelas miradas inamigables pola rúa e, especialmente, no "metro" cando ía só.

Don Julio sorprendeume reclamando que baixase do faiado ata o espléndido estudio onde traballaba para pedirme opinión sobre un Cristo crucificado, encargáranlle aquela pintura para ornamentar unha igrexa. Era un grande cadro mural. Situara o lenzo moi alto, case rozando o teito. Quería saber se a cabeza de Xesús estaba proporcionada. E preguntábamo a min, un estudante, un pintor novato. Entón souben que, tratándose de figuras postas moi por enriba da mirada, nos grandes panos dos templos, era necesario que as cabezas delas fosen un pouco maior do que son na contemplación normal. Maiores do tamaño que son en realidade, para evitar con este "truco" a deformación producida pola perspectiva. Sentínme cunha responsabilidade desmesurada, sen chisco de vaidade naquel momento. Case asustado. Fixeime detidamente no cadro e non percibín máis que unha gran pintura. Así llo dixeran. Despois, cando deixei o grande salón daquel impresionante estudio, si me sentín afagado.

Inmediatamente despois desta sesión de estudo de cabezas clásicas, enfilaba os meus pasos en dirección ao Círculo de Belas Artes, non moi lonxe da rúa Lope de Vega onde deixara a don Julio, o gran mestre, pintando algún magnífico retrato.

Por unha pequena cantidade de pesetas mensuais podíase acceder ao último piso do nobre edificio do Círculo onde se situaban varias aulas colectivas. Modelos espidos -homes e mulleres- servíannos para ensaiar nesas clases libres outro modo de debuxar. Dúas destas aulas estaban dedicadas a modelos estáticos e unha terceira a poses cambiantes realizadas en breves minutos. Esta última inmiscíase no exercicio da destreza retentiva dos movementos do corpo humano. Captar e resolver mediante poucos trazos rápidos de lapis grafito, barra de sanguina e, mesmo, acuarela, un modelo nu en poses diferentes, chegou a ser moi enriquecedor para o meu oficio inicial. Aquilo ofreceume a adquisición doutro recurso técnico máis para a aprendizaxe dun debuxo alternativo. Gratificábanme enormemente os traballos do Círculo. Asímei a experiencia que dá "ver" esquemas do espido en pouco tempo, a través daqueles exercicios áxiles. Non obstante, realizaba estudos de modelos en poses estáticas.

Tras o ingreso na Escola sucedéronse novos anos de receptividade e aprendizaxe. Non só coa práctica diaria do debuxo e a pintura, senón tamén coas visitas a museos; a atractivas exposicións e a formar parte de intensísimas polémicas estudantis -de cuasí pintores- en torno ao momento artístico que en España viviamos. Desgraciadamente pouca, ou nula, información tiñamos do que se pintaba noutras latitudes. As revistas importantes e publicacións estranxeiras que posuía a biblioteca da Escola databan de antes de 1936. Algunhas delas coñecíaas por pertencer ás coleccións de meu pai. Pero, de forma incipiente, recomenzaban os anos cincuenta a apuntar outros límites de facer pintura. Algunha que outra pegada de

surrealismo e estilos de impronta picassiana, manifestábanse nas galerías de arte de Madrid, antes, mesmo, de que irrompese no orbe artístico o afamado grupo "do Paso" coa corrente "informalista", proclamada antes en París por Dubuffet e os seus "otages". De todos obtiven coñecementos e intuicións. Ensinanza, á fin, do panorama artístico que estaba a vivir. Unha incitación cara ao futuro. Un proxecto que, por outro lado, entón, non se vía nada claro.

Despois de rematar na Escola de Belas Artes de San Fernando con sede no vello edificio carolino que ostenta o número 13 da rúa de Alcalá, onde se albergaba —e alberga— a recoñecida Academia do mesmo nome, novamente xorde a xenerosidade da Deputación de Lugo, outorgándome unha "bolsa de viaxe" para alcanzar a meta que París representaba entón para calquera artista. Era 1960. A miña carreira, titulándome como Profesor de Debuxo e Pintura, finalizara en 1958.

(O motivo deste escrito, máis que ningunha outra cousa, é, pois, de recoñecemento a Lugo, á súa Deputación e ao Museo Provincial. Por iso afórrome describir a aventura de París que inicié en maio de 1960 e rematei en marzo de 1963. Tamén escuso relatar os esforzos que realicei ata obter en 1965 a cátedra de Debuxo que profesei por vez primeira no Instituto "Virgen del Puerto" de Santoña).

En 1984, despois do traslado da miña cátedra de Debuxo ao Instituto "José María Pereda" de Santander —efectuada catro anos antes— pinteí "Xacinto na estación do verán". É un retrato do meu irmán menor cheo de ironía galega e sentido do humor que di, dende o tratamento moi coidadoso do pintado, outra cousa do que alí se representa. Digamos que apunta a unha transgresión literaria do tema da pintura. Dende esa data figura na colección do Museo Provincial, grazas á mediación do xornalista lucense Juan Soto, quen avogou por que unha obra miña se colgase nunha das paredes do Museo. Dende aquí o meu agradecemento ao xornalista e á institución que me acolleu.

Don Manuel Vázquez Seijas foi durante moitos anos Director do Museo Provincial de Lugo. O desempeño do cargo outorgáballe a misión de tratar directamente cos bolseiros.

Polo tanto, segundo o estipulado nas normas, ao remate de cada curso debíamos entregarlle unha obra das realizadas nas clases da Escola, ademais da papeleta de exame de cada unha das materias constando que fora aprobada. Nunha ocasión engadín a este requisito a entrega dunha certificación —nunha cuartilla con membrete— expedida de puño e letra por don Julio Moisés. O mestre escribíraa para referirse a min, na miña condición de discípulo seu, cunha pluma Parker da que manaba tinta negra. Absolutamente unha cor inusual nos escritos da época feitos con pluma estilográfica. Don Manuel sentiuse verdadeiramente entusiasmado de que o Museo posuísese un manuscrito de tan insigne pintor.

Esta exposición antolóxica que aquí se presenta por iniciativa do Museo e pola xenerosa invitación da Xerente Encarna Lago, vén a ser a culminación da miña escasa prodigalidade en canto concorrer a exposicións. Entre outras cousas de índole persoal, en razón á grande lentitude coa que, dende hai anos, pinto os meus cadros. Necesito recorrer a un debuxo moi minucioso para ter unha gran precisión nas formas que logo "recheo" con pintura. Nas paisaxes onde sinto unha atracción desmesurada polas rochas das praias, teño que ter delimitado todas as protuberancias e ocos para que, ao utilizar os acrílicos, deixe de preocuparme a situación de cada espazo concreto. Pinto pausadamente o cadro -sobre cartón, tea ou táboa- sen que me distraia ningunha forma que non fora previamente ben definida polo debuxo. Necesíto así.


Non debo dicir máis. Non desexo ser crítico coa miña propia obra. Non debo facelo. É o outro, o que está diante dos meus óleos, acrílicos, debuxos ao lapis ou a pincel e tinta chinesa, a quen corresponde analizar o que de arte conteñan as miñas pinturas. Farao obxectivamente. Eu só vexo nos meus cadros a mesma actitude que sempre poño de manifesto: un grande amor polo oficio. Sempre referido ao que os antigos me mostraron e, talvez, me ensinaron e, sen decatarme, quizais, tamén, o aprendera.

Santander, outono de 2008.

(1) Grandío, Tino Prados, Blas Lourés, Remedios Fernández, etc.

Artistas pensionados pola		Luis Rodríguez Rodríguez	
DEPUTACIÓN DE LUGO		DORESTE, PINTOR	

Ángel González



No mes de novembro do 1948 a familia González Doreste embarcou no vapor “Escolano” da navieira Trans-mediterránea dende o porto de Las Palmas de Gran Canaria a Vigo; nunha semana pasou dun clima temperado polos ventos alisios á fría humidade do inverno iniciado en Lugo onde concluíu a viaxe. De modo que Ánxel con quince anos tiña un pasado á maneira dos personaxes de ficción. Naceu en 1933.

“A diferenza entre o que me atopei aló e as propias illas Canarias foi grande”. A lingua canaria quedou atrás, detida, case intacta, no refuxio da memoria. Cando chega a Lugo, con todo, e sobre todo el, amigo de pensar e de racionalizar, queda gratamente sorprendido. Unha aldea galega tiña que ser para el, efectivamente, un misterio. Estrañounos na primeira comida que fixemos en Sanfiz (Sarria – Lugo), na casa do meu tío, ver un Doreste aberto a lacón con chourizos e grelos ou a unha perdiz, pero así foi. Como tamén se mostrou aberto á famosa nevada, grande por certo, que nun mes de maio dos cincuenta caeu sobre Lugo. O noso amigo desfrutou cos brazos abertos no medio da Praza Maior mentres Manolo Roca, Salvador Castro e mais eu buscabamos refuxio nun portal.

Cando tiñamos 16 anos o mestre de debuxo deunos un álbum cunha porrada de láminas que debíamos debuxar. Eramos torpes, por non dicir que declaradamente ineptos, e “o guanche”, que era como lle chamábamos os amigos, aproveitou para facer negocio vendendo clandestinamente nos corredores do instituto os debuxos a peseta. Así, trampeando cos poucos reais que tiñamos, comezou unha amizade que xa dura preto de 58 anos. Un día o Doreste, logo dunha entrevista que lle fixeron no diario lugués “El Progreso”, entre o pitillo e o coñac, resaltaba esta amizade tan perdurable como algo grande por riba de calquera conxuntura. Amén.

No piso onde vivía Ánxel Xohán, pai do noso amigo, a carón do parque, pintaban artistas, escribían literatos e espertaban poetas. Todo aquel caos estaba perfectamente estruturado e aló entendíanse panadeiros–guitarristas, como Plantón, con poetas de restaurante de vapor turístico e conta contos. Todo isto era posible gracias ao bo facer do pai e animou a vida do noso artista pasando de non ter case que pintar, a ter cola para que inmortalizase a algunha persoa.

Nós, que xogábamos mundiais de fútbolín no fondo da rúa das dulcerías baixo os lacónicos e ben pensados nomes de equipo “A”, “B” e “C”, como nos bautizou Iglesias Requejo, inxenuamente tiñamos gastos, pero non tiñamos cartos, así que decidimos solucióna-lo problema empregando as habilidades do “guanche”. Mercamos un bloc que lle regalamos, así que cando estábamos apretados pola necesidade, *cataplún, retrato que te crió*, como se fose un che-que ó portador na barra do bar ou na taquilla do cine.

Un día durante as festas do San Froilán estábamos tomando un viño cando Xosé Antonio Martín Gómez, sobriño do mestre Camarón, desgraciadamente falecido, propuxo irmos a Madrid porque Lugo resultaba moi monótono e aburrido. Estabamos detrás do Concello sen saber que facer, polo que a idea foi aceptada. Pero, para variar, non tiñamos un can e Martín, que era o único que traballaba, exclamou: “o taxi págoo eu!”. E, en menos de cinco segundos estábamos todos sentados dentro do taxi e o taxista xa prendera o motor. “Comeza a aventura do “Equipo A”, informounos Requejo, ordenando rumbo a Nadela. E de alí non pasamos. Con desculpas sen fundamento regresamos

a Lugo e fómonos sentar ó bar da señora Visita tomar un viño con tapa de cacahuets. Como o ambiente era etílico abondo, eu saín escopeteado para a casa e collín un pouco de amoníaco e volvíñ ao bar repartindo amoníaco polas fosas nasais dos amigos. O que espertou un cabreo xeneralizado. Eu, que non me vía a min mesmo, debía ser un espectáculo extraordinario repartindo amoníaco a destro e sinistro. Os clientes foron resgardarse todos eles ó patio, o tempo que me sacaron en axiña de dentro e mandáronme para a casa. Pero volvíñ, asistindo para o meu maior asombro, a unha das arengas de Requejo e de Martín que propoñían facer realidade a primitiva idea de marchármonos todos para Madrid. Era noutros tempos.

Antes ou despois todos optamos por irnos, case todos tamén rematamos por regresar. Con 27 anos, a viaxe de Doreste foi a París. Por aqueles días estaba posuído pola necesidade de comunicación artística. Estaba absorto. Foi para aprender a pintar, pero para estar aló tiña que comer, polo menos, unha vez ao día e, en troques de pintar tanto como desexaba, tiña que traballar. Foi sen embargo listo. Chegou a París en maio do 1960 e deixouno no 1963 cando se decatou de que para facer esa vida bohemia hai que ter moitos cartos ou morrer no intento. Fabricouse unha fantasía para que o seu pai non pensara que pasaba fame. Inventou un millonario con casa de campo e instituíuse en profesor de español dos seus fillos ficticios. Entón, en medio desa paranoia, apareceu Rosa, a súa muller, coa súa notable claridade de ideas. Para aprender abondaba cunha viaxe ao ano a París. Non facía falta pasar fame. Tal como dicía Antón Gómez Arias, “pinturillas”, outro pintor da pandilla, “Luís, quen fora can en París”. E tiña razón, vivían mellor que os bohemios.

Pasaron os anos. Doreste nunca volveu a vivir en Lugo, aínda que nunca nos abandonou. Desde Santander adoita a visitarnos con asiduidade, regalándonos, entre vasos de viño pola tarde e copas de coñac pola noite, memorias e conversas só propias das amizades antigas e profundas, xenerosas. Por iso agradezo que me solicitaran escribir estas liñas lembrando ao compañeiro, ao pintor galego de Canarias, ao lugués santanderino, ao amigo.



- 1933

Nace o 8 de agosto en Las Palmas de Gran Canaria
- 1948

Trasládase en novembro con toda a súa familia a Lugo
- 1952

É pensionado pola Deputación de Lugo para preparar o ingreso na Escola de Belas Artes de San Fernando de Madrid
- 1953

Ingresa en xuño e inicia en outubro os estudos anteditos
- 1958

Termina a carreira obtendo o título de Profesor de pintura e debuxo
- 1959

Primeira exposición individual da súa obra no Museo Canario de Las Palmas Individual. Casino de Santa Cruz de Tenerife Individual. Círculo de las Artes. Lugo
- 1960

Individual. C.I.T. Santiago de Compostela Obtén unha Bolsa de Viaxe da Excma. Deputación de Lugo para ampliar estudos en París
- 1963

Regresa a España para impartir clases de Debuxo no Instituto de Segundo Ensino “Virgen del Puerto” de Santoña, como profesor interino
- 1964

Gana por oposición a Adxuntía da Sección Delegada de Candás (Asturias)
- 1965

Gana por oposición a cátedra de Debuxo do Instituto de Segunda Ensinanza “Virgen del Puerto” de Santoña Participa como invitado na exposición “Annual Summer Show” de Seattle U.S.A.
- 1971

Participa como invitado na exposición “Arte Erótico” da sala Vandrés de Madrid.
- 1973

Individual. Casino Liceo de Santoña
- 1976

Individual. Galería Bética. Madrid Individual. Galería Balos. Las Palmas de Gran Canaria Colectiva “Arte es Libertad”. XXVII Congreso P.S.O.E. Madrid
- 1977

Individual. Galería “Arco da Vella”. Lugo Individual. Galería Quirce. Santoña
- 1978

Individual. Galería Decar. Bilbao Individual. Galería Benedit. Oviedo Exposición itinerante de Pintores Montañeses. Santoña, Laredo, Cabezón de la Sal, Reinosa e Potes
- 1979

Seleccionado para a exposición de Moscova sobre os actuais pintores realistas españois
- 1980-1979

Individual. Galería Puntal 2. Torrelavega
- 1980

Obtén por concurso de méritos a cátedra de Debuxo do Instituto de Ensino Secundario “José María Pereda” de Santander Colectiva. “60 Pintores Montañeses”. Madrid e Murcia Colectiva. Mestres do Realismo Español. Vigo Individual. Casa del Pueblo. Castro Urdiales Colectiva “La Bahía”. Galería Navedo. Santander
- 1982

Individual. Galería Navedo. Santander
- 1986

Individual. Galería Sur. Santander.
- 1993

Individual. Galería Sur. Santander.
- 1996

Xubilase do desempeño da cátedra de Debuxo do Instituto “José María Pereda” de Santander.

1996	Individual. Galería Espí. Torrelavega Colectiva. Galería Santiago Casar. Santander
1997	Individual. Sala Municipal. San Vicente de la Barquera
2000	Individual. Galería Cervantes. Santander
2002	Individual. Galería Cervantes. Santander
2005	Individual. Galería Espí. Torrelavega Colectiva. Pintura Cántabra. Galería Estela Docal. Santander
2008	Individual Antolóxica. Museo Provincial. Lugo

Obras súas figuran en:

- O Museo Eduardo Westerdahl. Puerto de la Cruz. Tenerife
- O Museo Vilafamés. Castelló
- O Museo Provincial de Lugo
- O Museo “Carlos Maside” de Sada. A Coruña
- A Colección de arte do Concello de Santoña
- A Colección de Carteis de Touros da Praza de Touros de Santander


RETRA-

RETRATOS

RETRATOS

RETRATOS RETRATOS


































AUTORRETRATOS

AUTORRETRATOS

AUTORRETRATOS

AUTORRETRATOS

AUTORRETRATOS

